Informe razoado do servizo que promove a contratación, expoñendo a necesidade, características e importe calculado das prestacións obxecto do contrato.

Orde de iniciación do expediente.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Prego de prescricións técnicas do subministro.

Nos supostos nos que o prego de prescricións técnicas conteña referencia a unha fabricación ou unha procedencia determinada, ou a un procedemento concreto que caracterice aos produtos ou servizos ofrecidos por un empresario determinado, ou a marcas, patentes ou tipos, ou a unha orixe ou a unha produción determinados, inclúese a mención “ou equivalente”.

Concurrencia das condicións do art. 127.2 LCSP nos supostos de esixencia de etiquetas específicas como medio de proba de que os subministros cumpren as características esixidas.

Informe da Secretaría Xeral.

Xustificación no expediente dos termos e circunstancias sinaladas no artigo 116.4 LCSP

Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar o devandito procedemento.

Concurrencia, no seu caso, das condicións previstas no art. 159.1 ou 159.6 para acudir ao procedemento aberto simplificado.

Compromiso do gasto.

Fiscalización previa da autorización do gasto.

Resolución do órgano de contratación autorizando o gasto, aprobando o expediente e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Publicación do anuncio de licitación e respecto dos prazos legalmente establecidos para a presentación de ofertas.

Certificado acreditativo das ofertas presentadas.

Acta da mesa de contratación suficientemente motivada propoñendo ao terceira adxudicatario. Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que exista decisión motivada do órgano de Contratación.

Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da soliteude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servizo técnico correspondente.

Declaración responsable formulada polo empresario proposto como adxudicatario co contido sinalado no artigo 140.1 da LCSP

Constitución da garantía provisional cando esta sexa esixible.

Requirimento ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación sinalada no artigo 150.2 LCSP.

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario non está incurso en prohibición de contratar e de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Constitución da garantía definitiva.

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario dispón, no seu caso, dos medios que se comprometera a adscribir ao contrato.

No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro que acredite a non interposición de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación provisional, ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano de Contratación desestimando o recurso ou recursos interpostos.

Os requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar que concorrían na data final de presentación de ofertas subsisten no momento de perfección do contrato.

Recoñecemento da obriga:

Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

Resolución motivada do órgano de contratación sobre a adxudicación do contrato.

Publicación da resolución de adxudicación no perfil do contratante.

Publicación da formalización do contrato no perfil do contratante e, no seu caso, no DOUE.

Devolución da garantía provisional aos restantes licitadores no suposto de esixirse.

Certificación ou acta de conformidade da recepción (total ou parcial) do subministro subscrito polo correspondente servizo.

Factura expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, de 27 de decembro.

Cando o abono inclúa revisión de prezos, comprobarase que: a) se executara cando menos o 20 % do importe do contrato ou transcorreran dous anos desde a súa formalización, b) se aplica a fórmula recollida no prego, c) a revisión de prezos se efectúa en cada data respecto á data de formalización do contrato, sempre que a formalización se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto á data en que finalice dito prazo de tres meses se a formalización se produce con posterioridade, e d) a corrección dos cálculos efectuados.

No suposto de abonos a conta verificarase o cumprimento dos requisitos do art. 198.3 LCSP.

No suposto de pagos parciais, deberán estar contemplados no contrato.

Liquidación do contrato.

Certificación ou acta de conformidade da recepción do subministro expedida polo correspondente servizo dentro do mes seguinte á entrega do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características, con arranxo ao art. 210.2 LCSP.

Excédese/Non se excede o prazo de trinta días do art. 210.4 LCSP.

Factura expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, de 27 de decembro.

Cando a liquidación excepcionalmente inclúa revisión de prezos (art. 105 in fine LCSP) verificaranse os extremos sinalados anteriormente ao efecto.

Devolución de fianza.

Aprobación da liquidación do contrato (art. 111.2 LCSP).

Informe do servizo correspondente sobre cumprimento das obrigas do contrato e posibles responsabilidades que puideran esixirse ao contratista.

Inexistencia de providencia de embargo dirixida ao órgano ante o cal se atopa constituída a garantía nos termos do art. 65.3 RLCAP.

Excédese/Non se excede o prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

Nos supostos de recepción parcial, atópase prevista no prego de cláusulas administrativas particulares a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía (art. 111.3 LCSP).

Indemnizacións a favor do contratista.

Que existe informe da Secretaría Xeral.

Que existe informe técnico e valoración pericial.

Xuros de demora.

Examínase separadamente.

Modificación do contrato.

Concurrencia de razóns de interese público (artigos 190 e 203.1 LCSP) e de:

Algúns dos supostos de modificación previstos no prego (art. 203.2 e 204 LCSP).

Ou ben, non atopándose a modificación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares –ou estando prevista a modificación non se axusta ao establecido no artigo 204- de algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do art. 205.

Informe xurídico da Secretaría Xeral.

Audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días.

Procedencia do informe do Consello Consultivo ao tratarse dun suposto previsto no artigo 191.3.b) LCSP

Prórroga do contrato.

Atópase prevista no prego.

Exercítase antes de finalizar o contrato.

Verifícase a obrigatoriedade da prórroga en canta a que o seu preaviso levouse a cabo cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, ou prazo maior que se establecera no prego (art. 29.2 LCSP).

Nos supostos do art. 29.4 último párrafo LCSP, verifícase a concurrencia dos requisitos esixidos no citado artigo.

Informe xurídico de Secretaría Xeral.

Resolución do contrato.

A proposta de acordo contén pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, se constituíra (art. 213.5 LCSP).

Concurrencia dalgunha das causas de resolución previstas nos artigos 211 e 306 LCSP

No suposto de que se configure como causa de resolución do contrato o incumprimento de obrigas esenciais do contrato, verifícase que as mesmas cumpren os requisitos sinalados no art. 211.1.f) LCSP

Cando se constitúe o mutuo acordo como causa de resolución do contrato verifícase que non concorre outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconvinte a permanencia do contrato (art. 212.4 LCSP).

Que existe informe da Secretaría Xeral.

Audiencia do contratista (art. 191.1 LCSP).

Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Consta informe económica cuantificando os danos e prexuízos ocasionados.

Nos supostos do art. 211.g) LCSP, verifícase o correcto cálculo da indemnización a percibir polo contratista (3% do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta pola administración ao amparo do artigo 205), segundo o artigo 213.4 LCSP

A resolución do contrato, tras a instrución do oportuno expediente, non excede do prazo máximo de 8 meses sinalado polo art. 212.8 LCSP

Cesión do contrato.

Atópase prevista no prego

O cesionario proposto ten competencia para contratar coa Administración e a solvencia que resulta esixible en función da fase de execución do contrato, non está incurso en causa de prohibición de contratar e está clasificado cando dito requisito foi esixible ao cedente (art. 214.2.c) LCSP).

O cedente executou cando menos O 20% do importe do contrato.

Desistimento.

Consta proposta fundada da mesa de contratación.

A proposta formúlase antes da formalización do contrato (art. 152.2 LCSP).

Proponse o desestimento ante unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación (art. 152.4 LCSP), constando xustificación suficiente no expediente.

Consta proposta de compensación aos candidatos ou licitadores polos gastos nos que incorreran na forma prevista no anuncio ou no prego ou, no seu defecto, de acordo cos criterios de valoración empregados para o cálculo da responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común (art. 152.2 LCSP).

O desestimento notificarase aos candidatos ou licitadores, informando tamén á comisión europea da decisión cando o contrato fora anunciado no DOUE (art. 152.1 LCSP).

5.5.- Contratos de servizos.

Autorización do gasto.

Informe razoado do servizo interesado na celebración do contrato no que se xustifique debidamente a insuficiencia, falta de adecuación ou a conveniencia de non ampliación dos medios persoais e materiais con que conta a administración para cubrir as necesidades que se trata de satisfacer a través do contrato.

No suposto de contratos de servizos do art. 312, servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía, consta aprobación do réxime xurídico do servizo no que se declara expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia da mesma, determine o alcance das prestacións en favor dos administrados, e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.

Orde de iniciación do expediente.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Prego de prescricións técnicas do servizo.

Concurrencia das condicións do art. 127.2 LCSP nos supostos de esixencia de etiquetas específicas como medio de proba de que os servizos cumpren as características esixidas.

Informe da Secretaría Xeral.

Verificación de que non se trata dunha relación de carácter laboral.

Clara definición do obxecto do contrato.

Xustificación no expediente dos termos e circunstancias sinaladas no artigo 116.4 LCSP

Cando se propoña como procedemento de adxudicación o negociado, comprobar que concorren os supostos previstos na normativa contractual para utilizar o devandito procedemento.

Concurrencia, no seu caso, das condicións previstas no art. 159.1 ou 159.6 para acudir ao procedemento aberto simplificado.

Compromiso do gasto.

Fiscalización previa da autorización do gasto.

Resolución do órgano de contratación autorizando o gasto, aprobando o expediente e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Publicación do anuncio de licitación e respecto dos prazos legalmente establecidos para a presentación de ofertas.

Certificado acreditativo das ofertas presentadas.

Acta da mesa de contratación suficientemente motivada propoñendo ao terceiro adxudicatario. Cando non se adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación, que exista decisión motivada do órgano de Contratación.

Cando se declare a existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude da información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e do informe do servizo técnico correspondente.

Declaración responsable formulada polo empresario proposto como adxudicatario co contido sinalado no artigo 140.1 da LCSP

Constitución da garantía provisional cando esta sexa esixible.

Requirimento ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación sinalada no artigo 150.2 LCSP

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario non está incurso en prohibición de contratar e de que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Constitución da garantía definitiva.

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario dispón, no seu caso, dos medios que se comprometera a adscribir ao contrato.

A empresa proposta como adxudicataria é persoa xurídica cuxa finalidade ten relación directa co obxecto do contrato segundo resulta dos estatutos ou regras fundacionais e dispón dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

No seu caso, que se acompaña certificado do rexistro que acredite a non interposición de recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación provisional, ou dos recursos interpostos. Neste segundo suposto, deberá comprobarse igualmente que recaeu resolución expresa do órgano de Contratación desestimando o recurso ou recursos interpostos.

Os requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar que concorrían na data final de presentación de ofertas subsisten no momento de perfección do contrato.

Recoñecemento da obriga:

Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

Resolución motivada do órgano de contratación sobre a adxudicación do contrato.

Publicación da resolución de adxudicación no perfil do contratante.

Publicación da formalización do contrato no perfil do contratante e, no seu caso, no DOUE.

Devolución da garantía provisional aos restantes licitadores no suposto de esixirse.

Presentación polo contratista do programa de traballo nos supostos en que así o esixa o PCAP.

Certificación do órgano correspondente valorando o traballo (parcial) executado.

Factura expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, de 27 de decembro.

Cando o abono inclúa revisión de prezos, comprobarase que: a) se executara cando menos o 20 % do importe do contrato ou transcorreran dous anos desde a súa formalización, b) se aplica a fórmula recollida no prego, c) a revisión de prezos se efectúa en cada data respecto á data de formalización do contrato, sempre que a formalización se produza no prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto á data en que finalice dito prazo de tres meses se a formalización se produce con posterioridade, e d) a corrección dos cálculos efectuados.

No suposto de abonos a conta verificarase o cumprimento dos requisitos do art. 198.3 LCSP.

No suposto de pagos parciais, deberán estar contemplados no contrato.

Liquidación do contrato.

Certificación ou acta de conformidade co servizo prestado dentro do mes seguinte á realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de cláusulas administrativas particulares por razón das súas características, con arranxo ao art. 210.2 LCSP.

Excédese/Non se excede o prazo de trinta días do art. 210.4 LCSP.

Factura expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, de 27 de decembro.

Cando a liquidación excepcionalmente inclúa revisión de prezos (art. 105 in fine LCSP) verificaranse os extremos sinalados anteriormente ao efecto.

No seu caso, contemplouse no prego que, tratándose dun contrato no que a determinación do prezo se realiza mediante unidades de execución, non terían a consideración de modificacións a variación que durante a correcta execución da prestación se puidera producir exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas no contrato, as cales poderían ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento de gasto superior ao 10% do prezo do contrato (art. 309.1 segundo párrafo LCSP).

Devolución de fianza.

Aprobación da liquidación do contrato (art. 111.2 LCSP).

Informe do servizo correspondente sobre cumprimento das obrigas do contrato e posibles responsabilidades que puideran esixirse ao contratista.

Inexistencia de providencia de embargo dirixida ao órgano ante o cal se atopa constituída a garantía nos termos do art. 65.3 RLCAP.

Excédese/Non se excede o prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía.

Nos supostos de recepción parcial, atópase prevista no prego de cláusulas administrativas particulares a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía (art. 111.3 LCSP).

Indemnizacións a favor do contratista.

Que existe informe da Secretaría Xeral.

Que existe informe técnico e valoración pericial.

Xuros de demora.

Examínase separadamente.

Modificación do contrato.

Concurrencia de razóns de interese público (artigos 190 e 203.1 LCSP) e de:

Algúns dos suposto de modificación previstos no prego (art. 203.2 e 204 LCSP).

Ou ben, non atopándose a modificación prevista no prego de cláusulas administrativas particulares –ou estando prevista a modificación non se axusta ao establecido no artigo 204- de algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do art. 205.

Informe xurídico da Secretaría Xeral.

Audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días.

Procedencia do informe do Consello Consultivo ao tratarse dun suposto previsto no artigo 191.3.b) LCSP

Prórroga do contrato.

Atópase prevista no prego.

Exercítase antes de finalizar o contrato.

Verifícase a obrigatoriedade da prórroga en canta a que o seu preaviso levouse a cabo cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, ou prazo maior que se establecera no prego (art. 29.2 LCSP).

Nos supostos do art. 29.4 último párrafo LCSP, verifícase a concurrencia dos requisitos esixidos no citado artigo.

Informe xurídico de Secretaría Xeral.

Resolución do contrato.

A proposta de acordo contén pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, no seu caso, se constituíra (art. 213.5 LCSP).

Concurrencia dalgunha das causas de resolución previstas nos artigos 211 e 313 LCSP, e para os contratos de servizos do art. 312 que conleven prestacións directas a favor da cidadanía as causas sinaladas no art. 294, c), d), e f) por remisión do art. 312 g).

No suposto de que se configure como causa de resolución do contrato o incumprimento de obrigas esenciais do contrato, verifícase que as mesmas cumpren os requisitos sinalados no art. 211.1.f) LCSP

Cando se constitúe o mutuo acordo como causa de resolución do contrato verifícase que non concorre outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconvinte a permanencia do contrato (art. 212.4 LCSP).

Que existe informe da Secretaría Xeral.

Audiencia do contratista (art. 191.1 LCSP).

Que, no seu caso, existe ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Consta informe económica cuantificando os danos e prexuízos ocasionados.

Nos supostos do art. 211.g) LCSP, verificarase o correcto cálculo da indemnización a percibir polo contratista (3% do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista ou este rexeite a modificación contractual proposta pola administración ao amparo do artigo 205), segundo o artigo 213.4 LCSP

A resolución do contrato, tras a instrución do oportuno expediente, non excede do prazo máximo de 8 meses sinalado polo art. 212.8 LCSP

Cesión do contrato.

Atópase prevista no prego

O cesionario proposto ten competencia para contratar coa Administración e a solvencia que resulta esixible en función da fase de execución do contrato, non está incurso en causa de prohibición de contratar e está clasificado cando dito requisito foi esixible ao cedente (art. 214.2.c) LCSP).

O cedente executou cando menos o 20% do importe do contrato.

Desistimento.

Consta proposta fundada da mesa de contratación.

A proposta fórmulase antes da formalización do contrato (art. 152.2 LCSP).

Proponse o desestimento ante unha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación (art. 152.4 LCSP), constando xustificación suficiente no expediente.

Consta proposta de compensación aos candidatos ou licitadores polos gastos nos que incorreran na forma prevista no anuncio ou no prego ou, no seu defecto, de acordo cos criterios de valoración empregados para o cálculo da responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común (art. 152.2 LCSP).

O desestimento notificárase aos candidatos ou licitadores, informando tamén á comisión europea da decisión cando o contrato fora anunciado no DOUE (art. 152.1 LCSP).

5.6.- Contratos menores.

De acordo co establecido nos artigos 219.1 TRLRFL e 17 RD 424/2017, a autorización e compromiso de gasto nos contratos menores estarían exentos de fiscalización previa. Na fase de recoñecemento da obriga verifícanse os seguintes requisitos básicos:

Presentación dunha proposta razoada, detallada e valorada do servizo correspondente acreditando a necesidade do contrato, previa consulta a tres empresarios con capacidade de obrar e que contén coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cando o importe do subministro, servizo ou obra exceda de 3.000 euros, salvo que a mesma resultara imposible ou inconviniente por razóns que deberán constatarase no expediente.

No caso de subministros inferiores a 500 euros, cumprimentación dun vale de autorización de gasto e a subseguinte presentación da factura coa dilixencia de conformidade.

Acreditación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación e de que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen o límite cuantitativo do contrato menor.

Estes extremos poderán ser analizados pola intervención con carácter previo ao compromiso de gasto, aínda que o incumprimento dos mesmos non suporá nota de reparo, senón de observación.

6.- CONTRATOS PATRIMONIAIS.

6.1.- Adquisición onerosa de bens inmobles.

Autorización do gasto.

Orde de iniciación do expediente.

Prego de cláusulas administrativas informado xuridicamente.

Prego de prescricións técnicas cando sexa necesario pola natureza do contrato.

Informe da secretaría Xeral.

Xustificante no expediente do procedemento e dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

O prego establece criterios obxectivos para adxudicación do contrato nos supostos de concurso.

Adxudicación.

Fiscalización previa da autorización do gasto.

Resolución do órgano de contratación autorizando o gasto, aprobando os pregos e o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Nos supostos de concurso se comprobará a publicación do anuncio de licitación, respecto dos prazos para presentación de ofertas, que consta certificado do rexistro acreditando as ofertas presentadas e o informe de valoración subscrito por técnico competente.

Acta da mesa de contratación motivada propoñendo ao terceiro adxudicatario.

Declaración responsable formulada polo terceiro proposto como adxudicatario co contido sinalado no artigo 140.1 LCSP

No seu caso, constitución da garantía provisional.

Requirimento ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación sinalada no artigo 150.2 LCSP

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario non está incurso en prohibición para contratar e que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Formalización do contrato.

Que os requisitos de capacidade, solvencia, e ausencia de prohibicións para contratar subsisten no momento da perfección do contrato.

Recoñecemento da obriga e posterior pago do prezo.

Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

Resolución motivada do órgano de contratación sobre a adxudicación do contrato.

Publicación da resolución de adxudicación no perfil do contratante.

Contrato examinado previamente pola secretaría xeral.

No seu caso, devolución da garantía provisional aos restantes licitadores.

Publicación da formalización no perfil do contratante.

Repercusión do IVE polo terceiro cando sexa procedente.

Inscripción do ben no inventario municipal.

Inscripción do ben no Rexistro da propiedade.

6.2.- Adquisición gratuita de bens inmoables.

Informe xurídico.

Si a adquisición leva aparelada algunha condición, modo ou carga, o valor do gravame non excede do valor do que se adquire.

Nos casos de aceptación/renuncia de herdanza, legados ou doazóns, cúmprese os requisitos do artigo 273 da LRALGA.

6.3.- Arrendamento de bens inmoables.

Autorización do gasto.

Orde de iniciación do expediente.

Prego de cláusulas administrativas informado xuridicamente.

No seu caso, prego de prescricións técnicas cando sexa necesario pola natureza do contrato.

Informe da secretaría Xeral.

Xustificante no expediente do procedemento e dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

O prego establece criterios obxectivos para adxudicación do contrato nos supostos de concurso.

Informe técnico de valoración do arrendamento que recollerá o correspondente estudo de mercado.

Adxudicación.

Fiscalización previa da autorización do gasto.

Resolución do órgano de contratación autorizando o gasto, aprobando os pregos e o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Nos supostos de concurso se comprobará a publicación do anuncio de licitación, respecto dos prazos para presentación de ofertas, que consta certificado do rexistro acreditando as ofertas presentadas e o informe de valoración suscrito por técnico competente.

Acta da mesa de contratación motivada propoñendo ao terceiro adxudicatario.

Declaración responsable formulada polo terceiro proposto como adxudicatario co contido sinalado no artigo 140.1 LCSP

No seu caso, constitución da garantía provisional.

Requirimento ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación sinalada no artigo 150.2 LCSP

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario non está incurso en prohibición para contratar e que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Constitución da garantía definitiva.

Que os requisitos de capacidade, solvencia, e ausencia de prohibicións para contratar subsisten no momento da perfección do contrato.

Recoñecemento da obriga e posterior pago do prezo.

Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

Resolución motivada do órgano de contratación sobre a adxudicación do contrato.

Publicación da resolución de adxudicación no perfil do contratante.

Contrato examinado previamente pola secretaría xeral.

No seu caso, devolución da garantía provisional aos restantes licitadores.

Publicación da formalización no perfil do contratante.

Factura expedida polo arrendador de conformidade co establecido no RD 1619/2012 e a Lei 25/2013.

6.4.- Permuta.

Autorización do gasto.

Informe do servizo interesado na celebración da permuta acreditando a súa necesidade.

Orde de iniciación do expediente.

Certificación do Secretario da Corporación na que conste que o ben a permutar figura no inventario con carácter patrimonial.

Certificación do Rexistro da propiedade acreditativa de que o ben figura inscrito en concepto de patrimonial do Concello

Prego de cláusulas administrativas informado xuridicamente.

Xustificación no expediente do procedemento seguido.

Informe da secretaría Xeral.

Informe de valoración dos bens por técnico municipal competente.

A diferenza de valor entre os bens a permutar non excede do 40% do ben con superior valoración, compensándose economicamente dita diferenza.

Afección e destino dos ingresos.

Adxudicación.

Fiscalización previa da autorización do gasto.

Resolución do órgano de contratación autorizando o gasto, aprobando os pregos e o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Nos supostos de concurso se comprobará a publicación do anuncio de licitación, respecto dos prazos para presentación de ofertas, que consta certificado do rexistro acreditando as ofertas presentadas e o informe de valoración suscrito por técnico competente.

Acta da mesa de contratación motivada proponendo ao terceiro adxudicatario.

Consta informe de valoración suscrito por persoa técnica competente.

Declaración responsable formulada polo terceiro proposto como adxudicatario co contido sinalado no artigo 140.1 LCSP

No seu caso, constitución da garantía provisional.

Requirimento ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación sinalada no artigo 150.2 LCSP

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario non está incurso en prohibición para contratar e que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Constitución da garantía definitiva.

Que os requisitos de capacidade, solvencia, e ausencia de prohibicións para contratar subsisten no momento da perfección do contrato.

Recoñecemento da obriga e posterior pago do prezo.

Fiscalización previa da autorización e compromiso do gasto.

Resolución motivada do órgano de contratación sobre a adxudicación do contrato.

Publicación da resolución de adxudicación no perfil do contratante.

Contrato examinado previamente pola secretaría xeral.

No seu caso, devolución da garantía provisional aos restantes licitadores.

Publicación da formalización no perfil do contratante.

Repercusión do IVE polo terceiro contratante nos supostos nos que proceda.

Repercusión por parte do Concello do IVE nos supostos en que proceda.

Con posterioridade á celebración do contrato, que o ben inscribiuse no inventario de bens da Corporación, no Rexistro da Propiedade e a baixa no inventario do ben entregado.

6.5.- Alleamento.

Aprobación do inicio do expediente.

Competencia para adoptar o acordo.

Orde de iniciación do expediente.

Prego de cláusulas administrativas informado xuridicamente.

Informe da secretaría Xeral.

Certificación do secretario da Corporación na que conste que o ben figura no inventario con carácter patrimonial.

Certificación do rexistro da propiedade acreditativa de que o ben figura inscrito en concepto de patrimonial do Concello.

Informe de valoración do ben.

Xustificante no expediente do procedemento e dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

Afección dos ingresos obtidos coa venda do ben.

No suposto de apazamento no cobro do prezo se verificará o cumprimento dos requisitos do artigo 134 LPAP e, en particular, o tipo de interese esixido.

Adxudicación.

Fiscalización previa da autorización do gasto.

Resolución do órgano de contratación aprobando o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Nos supostos de concurso ou poxa se comprobará a publicación do anuncio de licitación, respecto dos prazos para presentación de ofertas e que consta certificado do rexistro acreditando as ofertas presentadas.

Acta da mesa de contratación motivada propoñendo ao terceiro adxudicatario.

Declaración responsable formulada polo terceiro proposto como adxudicatario co contido sinalado no artigo 140.1 LCSP.

No seu caso, constitución da garantía provisional.

Requirimento ao licitador proposto como adxudicatario para que presente a documentación sinalada no artigo 150.2 LCSP.

Acreditación de que o licitador proposto como adxudicatario non está incurso en prohibición para contratar e que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Constitución da garantía definitiva.

Que os requisitos de capacidade, solvencia, e ausencia de prohibicións para contratar subsisten no momento da perfección do contrato.

Con posterioridade:

Fiscalización previa do acordo de alleamento.

Resolución motivada do órgano de contratación acordando o alleamento.

Publicación da resolución de adxudicación no perfil do contratante.

Contrato examinado previamente pola secretaría xeral.

No seu caso, devolución da garantía provisional aos restantes licitadores.

Publicación da formalización no perfil do contratante.

Repercusión do IVE polo Concello cando sexa procedente e expedición da oportuna factura.

Baixa no inventario e en contas do inmovilizado.

6.6.- Cesión.

Con carácter previo ao acordo.

Competencia para adoptar o acordo.

Orde de iniciación do expediente.

Solicitud do interesado con indicación de que o ben ou dereito cuxa cesión se solicita e o fin ao que se destinará.

Condición do posible beneficiario.

Memoria xustificativa dos fins que se perseguen coa cesión e de que redundan en interese dos veciños.

Certificación do Secretario da Corporación na que conste que o ben figura no inventario con carácter patrimonial.

Certificación do rexistro da propiedade acreditativa de que o ben figura inscrito en concepto de patrimonial do Concello.

Informe da secretaría xeral.

Informe de Intervención no que conste que o ben non posúe débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal.

Ditame suscrito por técnico competente nos termos do artigo 110.1 e) do RBEL.

Informe de valoración do ben.

Se fai constar expresamente no acordo a reversión automática do ben en caso de non destinarse ao fin previsto no prazo sinalado.

Certificación de que se realizou a información pública do acordo de cesión por prazo non inferior a 20 días.

Aceptación da cesión polo beneficiario.

Con posterioridade.

Fiscalización previa do acordo de cesión.

Acordo de cesión adoptado por órgano competente.

A cesión se formaliza en escritura pública ou documento administrativo, inscribíndose no Rexistro da Propiedade.

Notificación do acordo de cesión á Delegación do Goberno con remisión do expediente completo.

7.- CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

7.1.- Convenios interadministrativos:

Os extremos adicionais a comprobar serán os seguintes:

Dase cumprimento ao disposto no artigo 6.1 LCSP

Consta memoria xustificativa do Convenio.

Clara determinación do obxecto do Convenio.

Consta informe xurídico sobre o texto do Convenio.

O Convenio recolle o contido mínimo do artigo 49 LRXSP

7.2.- Convenios de colaboración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado.

Subscrición do Convenio.

Dase cumprimento ao disposto no artigo 6.1 LCSP

Consta memoria xustificativa do Convenio.

Clara determinación do obxecto do Convenio.

Consta informe xurídico sobre o texto do Convenio.

O Convenio recolle o contido mínimo do artigo 49 LRXSP

Acreditación da personalidade xurídica da entidade coa que se vai subscribir o Convenio e do seu representante, no seu caso.

Recoñecemento da obriga.

Fiscalización previa do contrato.

Efectiva subscripción do Convenio.

No seu caso, certificación expedida polo responsable na que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos no Convenio para realizar o pago.

Modificación do Convenio.

Fiscalización previa do Convenio a modificar.

Proposta motivada da conveniencia e oportunidade da modificación formulada polo responsable.

Informe xurídico.

A proposta de modificación se axusta ao réxime previsto a tal efecto no Convenio.

8.- EXPEDIENTES DE PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

8.1.- Pagos a xustificar.

Expedición do pago a xustificar:

A proposta axústase as normas reguladoras da expedición destes pagos contidas nas bases de execución do orzamento, en particular, que non se excede do límite cuantitativo fixado e que se expide en relación a algúns dos conceptos orzamentarios fixados nas bases.

O perceptor proposto non ten ningún pago anterior pendente de xustificar polos mesmos conceptos orzamentarios.

A expedición da orde de pago a xustificar se acomoda ao plan de disposición de fondos da tesourería.

Xustificación do pago:

Fiscalización previa da orde de pago a xustificar.

Xustificación do pago en prazo.

Factura xustificativa de todos os gastos realizados.

Os gastos realizados responden ao propósito e natureza en relación á cal se expidiu a orde de pago.

Se acredita a realización material do pago ao acredor da factura ou xustificante.

Xustificante de reintegro nas arcas municipais das cantidades non invertidas.

8.2.- Anticipos de caixa fixa.

Constitución do anticipo.

Os gastos en relación aos cales se formula a proposta de constitución do anticipo son de natureza periódica ou repetitiva.

A contía total dos anticipos non supera o límite fixado nas bases de execución do orzamento.

A proposta acomódase ao plan de disposición de fondos ou a orde de prelación do artigo 187 TRLFL.

Reposición de fondos:

Fiscalización previa da constitución do anticipo.

Conta xustificativa debidamente firmada.

Constan facturas orixinais xustificativas dos pagos ou comprobante substitutivo das mesmas.

Conformidade na recepción da obra, servizo ou subministro, constando o recibín do acredor ou documento que acredite o pago do importe correspondente.

Os gastos efectuados corresponden a atencións de carácter periódico ou repetitivo de acordo co artigo 190.3 TRLFL.

A totalidade dos gastos efectuados se corresponden co presente exercicio orzamentario.

Existencia de crédito orzamentario nas diversas aplicacións orzamentarias correspondentes aos gastos efectuados.

Cancelación do anticipo:

Os mesmos requisitos do punto anterior así como o reintegro na tesourería municipal das cantidades non invertidas.

9.- EXPEDIENTES DE PAGO DE XUROS DE DEMORA

Solicitud do interesado ou acordo do órgano competente iniciando de oficio a instrución do expediente.

Lexitimación do solicitante.

Informe da Tesourería Municipal relativo ao transcurso dos prazos legais sen ter efectuado o pago.

Informe xurídico.

Audiencia do interesado.

Proposta de resolución.

Verifícase o correcto cálculo dos xuros de demora.

Inclusión ou non do IVE no cálculo, segundo proceda.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.-De conformidade co establecido no artigo 219.3 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, así como no artigo 13.4 do RD 424/2017, as obrigas ou gastos sometidos á fiscalización limitada á que se refire o presente acordo serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grado de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

Segunda.Con arranxo ao establecido no artigo 219.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, así como no artigo 9 do RD 424/2017, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Terceira.Unha vez comprobados os extremos sinalados no presente Acordo, o órgano interventor poderá formular as observacións complementarias que considere oportunas sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes. Respecto a estas observacións non procederá o plantexamento de discrepancia.

Cuarta.Sen prexuízo da modificación ou actualización do presente Acordo cando sexa preciso, terán en todo caso a consideración de trascendentes no proceso de xestión os extremos fixados no Acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, con respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos, naqueles supostos que sexan de aplicación ás Entidades Locais, extremos que deberán comprobarse en tódolos tipos de gasto que comprenda.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

No caso dos contratos aos que lle resulte de aplicación o TRLCSP, verificaranse os requisitos recollidos nas Bases de execución do orzamento do ano 2017.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

O presente Acordo derrogará todo o regulado sobre a fiscalización previa nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Riveira.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Pleno do Concello de Riveira, e estará vixente en tanto non se proceda á súa modificación ou derogación.

Riveira, 3 de agosto de 2018.

O alcalde-presidente

Asdo. Manuel Ruiz Rivas

2018/5948